

PROXECTO
EDUCATIVO

CEIP DE OROSO
SIGÜEIRO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO SOCIAL E CULTURAL	3
3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	5
4. NOTAS DE IDENTIDADE E LIÑA METODOLÓXICA	8
5. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN	13
6. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	16
7. AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.	19
8. COÑECEMENTO, DIFUSIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.	20

1.-INTRODUCCIÓN

Na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación modificada pola Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa establece que:

- Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar, executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro (artigo 120).*
- O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas (artigo 121).*
- O proxecto educativo, que deberá ter en conta as características do contorno social e cultural do centro, recollerá a forma de atención a diversidade do alumnado e a acción titorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos na LOE e LOMCE e na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación.*

O CEIP de Oroso é un centro de ensinanza público de educación infantil e primaria creado no ano 2014 ao abeiro do Decreto 79/2014, do 26 de xuño, no concello de Oroso. O motivo fundamental é o considerable aumento de poboación nos últimos anos na zona, coa saturación do único colexio de infantil e primaria existente (CEIP de Sigüeiro), facendo precisa a creación, por desagregación, dun novo centro.

A elaboración do proxecto educativo é prioritario para delimitar os fins que pretendemos acadar establecendo o carácter que confira personalidade característica ao noso centro e a súa vez integre todas as iniciativas da comunidade escolar.

O proxecto educativo servirá de base e referencia para a elaboración doutros documentos de xestión como son o Proxecto Curricular de Centro, o Plan de Convivencia, o Proxecto Lingüístico, o Proxecto Lector, o Plan de atención á diversidade.

2.- CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO SOCIAL E CULTURAL

O CEIP de Oroso está situado na localidade de Sigüeiro no Concello de Oroso. Este concello, pertence á mancomunidade de Ordes, provincia de A Coruña. Os límites de Oroso son o municipio de Santiago de Compostela e O Pino polo sur, Trazo polo oeste, Tordoia e Ordes polo norte e Frades polo leste. Sitúase a 49 km de A Coruña e a 11 da capital de Galicia, comunicados pola estrada N-550 e pola AP-9.

O municipio de Oroso, que se estende sobre unha superficie de 72,23 km², ofrece unha paisaxe rural sen apenas contrastes xeográficos. O monte Costa (329 m) na parroquia de Trasmonte e o Petón (375 m) na de Senra, ambos ao norte do municipio e no límite co de Ordes, son as máximas cotas que alcanza o relevo de Oroso. A partir delas, o perfil orográfico vai descendendo ata as beiras do Tambre, que lle serve de límite polo sur. Na esquina sudoeste, pouco despois de pasar por debaixo da ponte de Sigüeiro, o Lengüelle únese ao Tambre. Os demais ríos, como o Carboeiro, o Samo ou o Maruzo, baixan en dirección norte-sur.

O municipio de Oroso engloba un total de 11 parroquias: Os Ánxeles, Calvente, Cardama, Deixebre, A Gándara, Marzoa, Oroso, Pasarelos, Senra, Trasmonte e Vilarromarís.

Demograficamente, o concello de Oroso experimentou un incremento importante da súa poboación, debido en gran medida á localización do municipio entre os puntos urbanos de Ordes e Santiago de Compostela. Conta neste momento con preto de 8.000 habitantes, deles ao redor de 3.800 na localidade de Sigüeiro, capital municipal e maior núcleo de poboación e de actividade económica.

A poboación, en canto a súa distribución por sectores de poboación activa, experimentou un crecemento no sector servizos, procedente do sector agropecuario. A actividade económica e o crecemento demográfico concéntrase en Sigüeiro, onde proliferan novos bloques de vivendas que lle dan un aspecto urbano á capital do concello.

O concello de Oroso conta con instalacións como a Casa do Concello, o Centro Cultural “Fernando Casas Novoa” coa Biblioteca Municipal, o Centro de Saúde, Aula CeMIT (para potenciar o uso das TIC), polideportivo e instalacións deportivas diversas e un polígono industrial.

Dende o concello ofértanse moitas actividades culturais e deportivas fomentando a lectura, a arte, a recuperación da cultura tradicional e a adquisición de hábitos saudables a través do exercicio de actividades lúdicas e deportivas.

Para obter un coñecemento máis profundo do concello pódense realizar varias rutas: rutas dos Muíños, ruta do Tambre, e ruta do Camiño Real ou Inglés. O concello dispón dos itinerarios a realizar en cada un deles.

A rede escolar do Concello está integrada polos seguintes centros de Titularidade pública:

- A Escola Infantil “A Ulloa”,*
- A Escola Infantil “Chousa nova” de nova creación (en funcionamento o curso escolar 2015/16),*

- CRA de Oroso integrado por catro escolas unitarias nas localidades de Deixebre, Trasmonte, Senra e Vilacide,
- CEIP de Sigüeiro,
- CEIP de Oroso,
- IES de Oroso.

Titularidade privada:

- “Escuela Infantil Trastes Oroso”, de 0 a 3 anos de idade.

3.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Datos xerais:

<i>Código da localidade</i>	<i>15888</i>
<i>Código do centro</i>	<i>15032868</i>
<i>NIF</i>	<i>Q-1500404-G</i>
<i>Teléfono</i>	<i>881996180</i>
<i>Web</i>	<i>https://www.edu.xunta.es/centros/ceiporoso</i>
<i>E-mail</i>	<i>ceip.oroso@edu.xunta.es</i>

O novo centro de infantil e primaria creado no ano 2014, está situado preto do centro urbano de Sigüeiro, na entrada do polígono industrial. O centro ten unha capacidade de 6 unidades de infantil e 12 unidades de primaria. No momento da elaboración deste documento (curso 2015-2016) só funciona cunha liña (agás en 4º de educación infantil que ten dúas), 10 unidades, 4 para educación infantil e 6 de educación primaria. Os alumnos/as viven en zonas próximas ao centro educativo.

Non dispón de transporte escolar. Ofrece como servizos complementarios o servizo de madrugadores “Bos días” e o comedor escolar xestionados ambos polo concello.

O centro conta cunha asociación de Pais e Nais "Anpa Carboeiro"
<https://www.facebook.com/anpa.carboeiro>

O horario do centro, de xornada única, é de 9:15 h ata as 14:15 h. O profesorado ten sinalado como días e horas de atención ás familias todos os martes de 16:00 a 17:00. De 17:00 a 18:00, realízanse as reunións dos órganos colexiados e dos diferentes equipos de traballo.

O centro conta no momento de elaboración deste documento (curso 2015-2016) con 16 profesoras e profesores de educación infantil e primaria, 2 profesoras de relixión a tempo parcial, 1 conserxe e 1 coidadora a tempo parcial.

A maioría do profesorado do claustro está en situación de destino definitivo (2 provisionais) ofrecendo unha perspectiva de estabilidade e continuidade.

Na Programación Xeral Anual figurará o número de alumnos/as de cada grupo e a súa distribución por cursos.

O edificio ten un deseño funcional que permite que os alumnos gocen de espazos abertos e diáfanos. O centro está na entrada do polígono industrial cara o norte. Cara o sur conta cun entorno privilexiado a carón do río Carboeiro e do Camiño Inglés. Diante do colexio hai un gran supermercado.

O edificio cumpre ás disposicións vixentes de promoción da accesibilidade universal.

O edificio está construído sobre unha parcela situada ao lado do paseo fluvial do río Carboeiro cunha superficie que inclúe 3463,3 m² para o edificio e outros 1.058 m² para un pavillón polideportivo. Conta con planta soto e dúas plantas, baixa e alta (ver anexo: plano).

Na planta baixa, ao redor dun gran vestíbulo en dobre altura da entrada, se distribúen os espazos administrativos e un ximnasio. Entre o ximnasio e o pavillón sitúanse os vestiarios do centro, que darán servizo a ambos espazos. No vestíbulo da acceso á conxersería, secretaría, local para a ANPA, departamento de orientación, xefatura de estudos, e dirección. Unha vez pasado o vestíbulo, atópanse os espazos da escola infantil (6 aulas conectadas a unha terraza exterior + 1 aula de desdobres + 1 aula usos múltiples) e a sala de reunións para o profesorado. No outro extremo da entrada sitúase o comedor, formando o espazo final de acceso público ao colexio. Detrás do comedor están situados todos os espazos dedicados aos servizos e instalacións, que contan cun acceso propio dende a rúa.

A planta alta destínase aos espazos propios de primaria. Está conectada coa planta baixa por tres puntos principais: o vestíbulo de entrada ao centro, no centro, aproximadamente, do corredor e o vestíbulo de acceso ao comedor. Nesta planta sitúanse as 12 aulas de primaria. Anexo ao espazo a dobre altura do vestíbulo sitúanse as aulas de pequeno grupo, e aulas asignadas a audición e linguaxe e pedagogía terapéutica, e ao outro lado (cerca das escaleiras de acceso ao vestíbulo do comedor) sitúanse as aulas especiais de almacén, recursos, música, biblioteca e informática. As aulas de biblioteca e informática están unidas podendo separarse a través dunha porta corrediza.

O soto, conta cun acceso propio dende a rúa (porta á que non teñen acceso os alumnos) coa finalidade de utilizala como aparcadoiro. Está aberta cara o paseo fluvial do río Carboeiro e conectada co patio exterior que rodea ao edificio lonxitudinalmente. En fronte as escaleiras que dan acceso a primeira planta están situados os servizos e almacéns.

Dende o inicio da actividade académica observouse que o centro presenta algunhas deficiencias:

- Inexistencia dun salón de actos para celebrar os grandes actos do colexio.

- *A biblioteca está situada no 1º andar ao final do corredor o que dificulta a súa utilización por toda a comunidade educativa. Polo seu tamaño non facilita a distribución en zonas para o traballo individual e en grupo.*
- *O tamaño das aulas non facilita a flexibilización de agrupamentos.*
- *O patio exterior non conta coa drenaxe suficiente producíndose zonas enlamadas, incluso trala perforación en varias zonas do muro.*
- *Equipamento moi básico.*
- *Pouca dotación e recursos para as aulas e biblioteca, con insuficiente material audiovisual, informático e tecnolóxico. As aulas de psicomotricidade, educación física e música non contan con material suficiente.*
- *Non existen lugares de almacenamento no ximnasio.*
- *En canto a seguridade vial estase mellorando o acceso ao centro pola estrada N-550 coa construción de beirarrúas. No futuro haberá que estudar as medidas a adoptar para garantir a seguridade vial do alumnado e as súas familias e minimizar os riscos do paso de vehículos pesados por diante do centro.*

4.- NOTAS DE IDENTIDADE E LIÑA METODOLÓXICA

Partindo de que o Sistema Educativo está configurado de acordo cos valores da Constitución de 1978 e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, dende o CEIP de Oroso pretendemos proporcionar unha educación integral e adecuar a ensinanza ás esixencias do noso tempo, procurando a formación de valores e principios que van conformar as notas de identidade propias do Centro.

NOTAS DE IDENTIDADE

Aconfesional: Que garante unha educación baseada no respecto e tolerancia das crezas individuais dos seus membros.

Plural: Que sexa respectuoso co dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións que sexan compatibles coa Declaración dos Dereitos Humanos.

Integrador: Que procure a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación, que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención as que deriven de discapacidade.

Comprometido coa convivencia: Promovendo unha educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, laboral, familiar e social.

Democrático: Transmitindo e poñendo en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Coeducativo: Desenvolvendo a igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre nenos e nenas, homes e mulleres, rompendo e eliminando estereotipos e prexuizos de xénero.

Progresista: Adecuando a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, atendendo a formación académica e persoal así como fomentando a capacidade crítica.

Solidario: Coas demandas e necesidades da comunidade e da sociedade en xeral.

Linguas: A nosa lingua é un sinal fundamental da nosa identidade, dende o CEIP de Oroso pretendemos reforzar a dimensión educativa do galego tratando de conseguir que sexa utilizada como base da comunicación xeral do Centro. Ao rematar a escolarización da etapa de Primaria o alumnado terá adquirida competencia axeitada tanto en lingua castelá como en lingua galega.

Segundo as características do contorno no que nos atopamos, das instalacións do centro, e da idiosincrasia dos/das que formamos parte desta comunidade pretendemos que o noso centro traballe especificamente:

- Polo coñecemento e desenvolvemento da riqueza cultural do Camiño Inglés.*
- Polo coñecemento e conservación dos recursos hídricos, especialmente dos ríos do noso contorno.*
- Na comprensión e integración do fenómeno das novas tecnoloxías no ensino e na vida cotiá.*
- Por unha visión crítica dos medios de comunicación.*
- Na formación dos hábitos saudables do noso alumnado a través do deporte, especialmente do baloncesto.*
- Pola formación do noso alumnado en valores como a solidariedade e o respecto ao medio ambiente.*
- Polo fomento da lectura.*
- Polo uso e normalización da nosa lingua, o galego.*
- No achegamento a distintas realidades culturais e lingüísticas.*
- Na formación das capacidades artísticas do noso alumnado.*
- A través de metodoloxías innovadoras.*
- En constante sinerxía co noso contorno.*

LIÑA METODOLÓXICA

Tendo en conta os principios educativos anteriormente mencionados partiremos dunha liña metodolóxica activa, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave nos diferentes ámbitos de coñecemento.

Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e na reflexión.

Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares coa finalidade de atender á diversidade do alumnado logrando deste xeito unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario, establecendo medidas de reforzo educativo tan pronto como se detecten as dificultades. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais. Todas as actuacións, estratexias e programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade

Elaborarase plans de acollida para os alumnos/as, profesorado e as familias que se incorporen por primeira vez ao centro.

O profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativas e funcionais que permitan ao alumnado resolver problemas en contextos da vida real.

Promoverase entre o alumnado o traballo cooperativo e en equipo e favorecerase a capacidade de aprender por si mesmo.

O xogo utilizarase como recurso favorecedor da motivación e de relación entre os diferentes grupos. Fomentarse o xogo tradicional e popular e outras actividades baseadas no xogo que fomenten hábitos de vida activa e saudable.

Deseñaranse proxectos documentais integrados que permitan ao alumnado avanzar na aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Utilizarase a axenda escolar como recurso metodolóxico e será de uso obrigado para o alumnado.

Concibimos a biblioteca escolar como un gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade da aula. Será un eixe fundamental para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns. Será preciso destinar una dotación económica mínima cada curso para que poida funcionar correctamente. Co fin de fomentar o hábito da lectura, dedicarase un tempo diario de lectura para todo o alumnado no horario escolar. Así mesmo establecerase un horario onde cada grupo poderá dispoñer dunha sesión semanal na biblioteca. A biblioteca funcionará de acordo co plan da mesma.

O centro promoverá o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (T·I·C) como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. O comezo do curso asignarase un mestre ou mestra responsable de coordinar as T·I·C. Constituirase un equipo encargado de elaborar o proxecto para cada curso. Cada grupo terá un tempo para utilizar semanalmente a aula de informática. Cada aula de infantil máis 5º e 6º de primaria contan cun encerado dixital interactivo e nas outras aulas de primaria cun ordenador con proxector.

O centro aposta polo traballo en equipo e a coordinación pedagóxica entre o profesorado, así como a función titorial, establecendo un horario semanal a cada mestre/a para desempeñar accións encamiñadas a mellora da titoría do seu grupo.

Incentivaremos as aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas e visitas ao contorno. Elaborarase un plan de actividades complementarias e extraescolares ao comezo do curso.

Estableceranse canles de comunicación coas Escolas de Infantil do Concello e o I.E.S de Oroso co fin de coordinar accións entre os distintos ciclos de educación infantil e as etapas de educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Fomentaremos a participación efectiva de todos os membros da Comunidade (pais/nais, Anpa, Concello, organizacións culturais, Atención Temperá, CEIP de Sigüeiro) en todas as actividades que se propoñan dende o Centro.

5.- OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

Os obxectivos e prioridades de actuación abarcan distintos ámbitos: pedagóxico, administrativo e institucional e humano.

Ámbito pedagóxico

- Propiciar o máximo desenvolvemento das capacidades persoais, intelectuais, sociais e emocionais do alumnado.*
- Potenciar a ensinanza activa propiciando no alumnado a capacidade de traballo e o interese pola aprendizaxe.*
- Favorecer a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de estudo para mellorar o nivel de rendemento escolar.*
- Seleccionar e afondar contidos curriculares que sexan máis funcionais e de interese para o noso alumnado.*

- *Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquiera un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias: comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.*
- *Adecuar os obxectivos das diferentes etapas ao contexto social e cultural real onde nos atopamos.*
- *Promover hábitos de lectura no alumnado.*
- *Deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.*
- *Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.*
- *Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.*
- *Fomentar o emprego correcto da lingua galega, utilizala como lingua de relación dentro da comunidade escolar, valorando as tradicións e a nosa cultura: literatura, historia, arte, xeografía, costumes, tradicións e outros aspectos sociolóxicos importantes.*
- *Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.*

- *Potenciar as T.I.C.s como recurso didáctico para integralas como ferramenta indispensable na actividade escolar cotiá.*
- *Promover a implicación das nais, pais e titores/as legais do alumnado no proceso educativo.*
- *Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.*

Ámbito administrativo e institucional

- *Iniciar os tramites precisos para dotar dun nome propio e significativo ao CEIP de Oroso.*
- *Promover a coordinación docente e a participación de todos os colectivos da Comunidade Escolar, integrándoos na vida do centro e facilitándolle canles de información e participación.*
- *Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de acadar unha xestión verdadeiramente participativa.*
- *Elaborar un plan de actividades complementarias e extraescolares cunha oferta ampla, para favorecer a formación integral do alumnado.*
- *Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.*
- *Xestionar os recursos económicos e materiais do centro de maneira consensuada.*

- *Organizar os espazos do centro procurando mellorar as súas instalacións, as dotacións de material e de equipamento para aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles.*
- *Abrir o centro cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno.*
- *Manter relación de colaboración con toda a comunidades educativa, e con outras institucións, tanto educativas, como sociais e culturais.*

Ámbito humano.

- ◆ *Crear un bo clima de traballo e relación humana entre o profesorado e os diferentes equipos.*
- ◆ *Establecer un marco de convivencia regulado nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF) e no Plan de Convivencia que permita a todos os membros da Comunidade Escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.*
- ◆ *Velar pola seguridade do noso alumnado, promovendo a súa formación en temas como autoprotección e avaliación de riscos.*
- ◆ *Fomentar a responsabilidade, o respecto, a orde e o esforzo como valores fundamentais do proceso educativo.*
- ◆ *Potenciar, estimular e valorar o traballo do profesorado en todas as facetas da tarefa educativa.*

6.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

O Centro organizase a través dos órganos de goberno unipersoais e colexiados e dos órganos de coordinación docente.

Os órganos de goberno unipersoais son:

- Director/a.*
- Xefe/a de estudos.*
- Secretario/a*

A normativa referida ao equipo directivo recollese no capítulo IV, artigos 131 ao 139 da LOE modificada coa LOMCE e no decreto 374/1996.

Os órganos de goberno colexiados son:

- o claustro*
- o consello escolar.*

O claustro é o órgano pedagóxico do centro. Estará integrado pola totalidade do profesorado do Centro e será presidido polo Director/a. As competencias veñen recollidas no decreto 374/1996 e no capítulo III, sección segunda, artigos 128 e 129 da LOE modificada coa LOMCE.

A frecuencia das reunións procurarase que sexa mensual, co fin de informar e acordar aqueles aspectos educativos nos que é necesario acadar aprobación e consenso. Cando os aspectos a debater sexan relevantes e co fin de axilizar ao máximo as reunións, facilitarase o acceso a toda información dispoñible sobre a orde do día. Intentarase buscar o maior índice de consenso nas decisións que se tomen así como no cumprimento das mesmas.

O Consello Escolar é o órgano de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición e competencias veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos

colexios de educación primaria e no capítulo III, sección primeira, artigos 126 e 127 da L.O.E modificada coa LOMCE.

Está integrado polos seguintes membros:

- O director/a que actuará como Presidente/a*
- O secretario/a*
- O xefe/a de estudos*
- 5 profesores elixidos polo claustro*
- 5 representantes dos pais/nais, titores/as, ANPA*
- 1 representante do persoal de administración e servizos*
- 1 representante do Concello.*

O Consello Escolar reunirse sempre que haxa temas que tratar e polo menos unha vez ao trimestre. Todas as reunións celebraranse fóra do horario lectivo e en horas nas que todos os membros poidan asistir. Nas reunións ordinarias o/a director/a remitiralles aos membros do Consello, xunto coa convocatoria, e cunha antelación suficiente, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión.

Se os asuntos que se vaian a tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias. As decisións do pleno e das comisións do Consello Escolar adoptaranse por maioría simple dos presentes, a excepción dos casos contemplados na lexislación vixente. O presidente dirimirá o empate co seu voto de calidade. Dentro do Consello Escolar funcionarán as comisións económica, de convivencia, de biblioteca. Nomearase un responsable da Igualdade de xénero

Os órganos de coordinación docente son:

- A comisión de coordinación pedagóxica.*
- As titorías.*
- Os equipos.*
- O departamento de orientación.*

- *Comisión de coordinación pedagóxica: a composición, organización e as competencias da Comisión de Coordinación Pedagóxica son as que se establecen no Decreto 374/1996 e na Orde do 22 de xullo de 1997. Reunirase unha vez ao mes*

- *As titorías: para a organización e funcionamento das mesmas elaborárase un Plan de Acción Titorial (PAT) no que se recollerán as liñas de actuación que os titores desenvolverán cos alumnos/as de cada grupo, coas familias e a colaboración e o traballo en equipo dos profesores que impartan clase a un mesmo grupo de alumnos.*

Procurárase a máxima coordinación entre os distintos titores/as ao longo do proceso educativo de cada alumno/a de xeito que haxa información sobre as características máis relevantes de cada un deles.

- *Equipos: funcionaran os seguintes:*

- *Equipo de normalización lingüística.*
- *Equipo de biblioteca.*
- *Equipo de TIC*
- *Equipo de actividades complementarias e extraescolares*
- *Equipo ciclo infantil*

Todo o profesorado debe estar adscrito a algún equipo. Establecerase un coordinador/a que informará ao resto do profesorado dos acordos tomados nos diferentes equipos e a previsión de tarefas e actividades previstas que serán incluídas no plan anual de traballo de cada equipo.

Os equipos reuniránse normalmente unha vez ao mes. O calendario de reunións pode ser modificado en función das necesidades do Centro.

As decisións tomadas polos diferentes equipos deberán ser informadas ao claustro co fin de ser debatidas e aprobadas.

Haberá unha relación fluída entre os equipos para colaborar e participar conxuntamente nas ocasións que así o requiran, en proxectos, actividades ou conmemoracións.

As competencias dos Equipos de Normalización Lingüística e de Actividades complementarias e extraescolares e as dos seus coordinadores/as veñen reguladas no Decreto 374/1996 e na Orde do 22 de xullo de 1997.

- Departamento de orientación: o CEIP de Oroso está adscrito ao departamento de Orientación do CEIP de Sigüeiro. O horario do orientador será fixado na Programación Xeral Anual e será encargado xunto co Equipo Directivo do deseño do Plan de Atención á Diversidade.

7.- AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

A finalidade da avaliación é comprobar se alcanzaron ou non as expectativas expresadas nel, ou verificar en que grao se cumpriron os principios e obxectivos educativos formulados.

A información que nos proporcione o proceso de avaliación permitirá contemplar a necesidade dun novo análise do contexto, unha redefinición dos principios e obxectivos educativos ou a apertura de novas canles de participación.

Dentro do proceso de avaliación, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Se o Proxecto Educativo expresa claramente as características e peculiaridades do centro.*
- Se os principios educativos e os obxectivos se corresponden coas características e necesidades do centro.*
- Se hai coherencia entre os principios, os obxectivos e prioridades de actuación e a forma de organización que imos adoptar para conseguilo.*
- Se o centro está organizado de forma que toda a comunidade escolar colabore e participe activamente no funcionamento do mesmo.*

- *Se a organización establecida é adecuada ás características do Centro.*
- *Se o sistema de normas de organización facilitan as relacións e a convivencia.*
- *Se ten en conta a lexislación vixente.*
- *Se hai coherencia entres as necesidades e demandas detectadas e as metodoloxías e recursos empregados.*


8. COÑECEMENTO, DIFUSIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

Este Proxecto Educativo permanecerá no Centro a disposición de todos os membros da Comunidade Educativa. Facilitarase copia aos representantes do ANPA Carboeiro.

Para unha mellor difusión e coñecemento do mesmo, os titores/as informarán ao alumnado da súa titoría sobre o contido do mesmo.

O claustro de profesores poderá formular ao equipo directivo e ao consello escolar propostas para a elaboración do Proxecto. O proxecto será aprobado por o director/a e avaliarase no consello escolar.

Anexo: plano



ESTRUCTURA ORGANIZATIVA:

